

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA", PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO ANIVERSARIO, EVENTO NACIONAL, E OUTRAS ACTIVIDADES DE OCIO E DEPORTE DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, PERSOAS DE APOIO, PERSOAS VOLUNTARIAS E FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Eladio Fernández Pérez, con DNI 34242673C, presidente da Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Persoas con Discapacidad Intelectual "Special Olympics Galicia" (en diante Special Olympics), que actúa en nome e representación desta entidade segundo o artigo 41 dos seus estatutos, co NIF G15771777, de acordo co nomeamento por acordo da Asemblea Xeral de data 14 de xuño de 2025, outorgado segundo o disposto no artigo 29 dos ditos estatutos, como así consta no rexistro central de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas



E X P O Ñ E N

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente, a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que Special Olympics, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2000-550/1, tendo por finalidade promover estratexias, fomentar e apoiar accións para que os seus membros consigan mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual para acadar a súa maior integración social. A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1358.

Special Olympics ten como obxectivos, entre outros:

a) O fomento e organización de actividades de ocio, deporte e cultura, con fins rehabilitadores e terapéuticos, para nenas e nenos, persoas mozas e adultas con discapacidade intelectual.

b) A atención e promoción das persoas con discapacidade intelectual de Galicia e as súas familias.

c) Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, proporcionándolles os apoios necesarios.

d) A realización de actividades físicas e deportivas por parte das persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo de mellorar o estado metabólico xeral, corrixir o déficit do aparato locomotor, superar a lentitude na resposta motriz, asegurar as



condicións físicas encamiñadas á competición para aumentar a autoestima e reforzar os reflexos provocados polo exercicio, rehabilitar as secuelas de hábitos mecánicos inadecuados e promover a relación entre as/os atletas, facilitar a súa integración social e o desenvolvemento autónomo na vida social.

e) Colaborar con outras entidades de idénticos ou similares obxectivos.

f) Cantas iniciativas poidan estar ao servizo da integración social e o desenvolvemento persoal da persoa con discapacidade intelectual.

g) Organizar campamentos e actividades de Igualdade e familia.

h) Fomentar o deporte de competición no ámbito das persoas con discapacidade intelectual.

V. Que tanto a Consellería de Política Social como Special Olympics son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida e integración social das persoas con discapacidade intelectual fomentando actividades de lecer e deportivas.

Que é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade promover, a través da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, aquelas iniciativas executadas polas entidades de iniciativa social orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias, promovendo o deporte, a cultura e o ocio con fins terapéuticos e rehabilitadores e como vías para facilitar a súa integración social e desenvolvemento persoal.

Co paso dos anos, e sen cambiar moito os obxectivos da entidade, a loita segue sendo incansable tentando darlle as persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias a oportunidade de practicar o ocio que desexe facilitándolle os apoios necesarios para elo. Por iso queremos facer unha homenaxe a traxectoria de loita, dedicación e implicación da asociación Special Olympics Galicia na visibilización a través do ocio e do deporte das persoas con discapacidade intelectual, as súas familias, as persoas voluntarias, as persoas técnicas e os organismos implicados. O día elixido foi o 25 de outubro do 2025.

Por outro lado, o desenvolvemento de xornadas deportivas, lúdicas e culturais, parte da premisa de que cada Persoas con Discapacidade Intelectual, só é distinta na expresión das súas necesidades e intereses. As verdadeiras diferenzas non se atopan nas persoas, senón na calidade e dispoñibilidade das oportunidades. As metas nas competicións deportivas e actividades de ocio diríxense cara as dotes persoais de cada



participante, redirixindo a atención, non ás súas limitacións, senón cara a potenciación de características como: iniciativa, liderado, cooperación, valor e autodominio, en definitiva do seu apoderamento. Igualmente, en Special Olympics Galicia poténcianse as cualidades de cada persoa como: a axilidade, a flexibilidade, a resistencia, a coordinación, a expresión, a comunicación e a relación social entre outras. Todo isto redundará nunha mellora da confianza e da autoestima da persoas con discapacidade intelectual, potenciando e promovendo a súa inclusión social.

Este conxunto de actividades ten un carácter especializado con respecto ás actuacións previstas no convenio asinado o 12 de setembro de 2025 de concesión dunha subvención nominativa. Inclúense actividades que non estaban incluídas na programación inicial da entidade e polo tanto diferenciadas das recollidas no dito convenio nominativo. O obxecto é a mellora da integración social e a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.

VI. Este proxecto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar, con carácter excepcional, o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e para o caso daquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Special Olympics é a única entidade de carácter autonómico que dispón da infraestrutura necesaria e polo tanto, a única entidade habilitada para a realización das actividades a subvencionar a través deste convenio, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prevé, por razóns de interese público, a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade e exclusividade das características das actividades que se van financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa



adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e por outra que Special Olympics é a única entidade que conta cos medios materiais e humanos para a realización das actividades subvencionadas a través deste convenio, queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para para a realización para a realización de actividades do aniversario, evento nacional, e outras actividades de ocio e deporte dirixidas ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actividades subvencionables.*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención, para a realización de actividades do aniversario, evento nacional, e outras actividades de ocio e deporte de Special Olympics Galicia para persoas con discapacidade intelectual, persoas de apoio, persoas voluntarias e familias para o exercicio 2025.

Estas actividades son as seguintes:

- a) Celebración o 25 de outubro do aniversario como forma de homenaxe á dedicación e implicación de Special Olympics Galicia na visibilización a través do ocio e do deporte das persoas con discapacidade intelectual, as súas familias, as persoas voluntarias, as persoas técnicas e os organismos implicados.
- b) Actividades deportivas e de ocio como os Xogos Nacionais de Fútbol Sala, Ourense 2025. Trátase dunha competición normalizada de carácter nacional para que as persoas con discapacidade intelectual de toda Galicia poidan participar, xa que participar en máis actividades a nivel nacional con leva un custo económico importante.



En todas as actividades foméntase a participación das familias das persoas con discapacidade intelectual. Búscase que as familias teñan un momento onde os seus integrantes con discapacidade intelectual poidan gozar conxuntamente dunha forma segura, normalizada e inclusiva. Poténciase a participación dos propios familiares que os acompañan.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actividades, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscria polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. Relación laboral

A entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto neste convenio, o persoal que no seu caso precise para desenvolver as actividades que se subvencionan.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral ou contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actividades que ten previsto desenvolver Special Olympics, ascende á cantidade de 181.489,66 euros.



Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade **achegará cento dez mil euros (110.000,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. Gastos imputables

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 30 de decembro de 2025.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actividades descritas na cláusula primeira así como o gasto corrente directamente relacionado con estas e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no presente convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades a subvencionar a través deste convenio e que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades a subvencionar a través deste convenio, achegando a documentación prevista na cláusula oitava.



Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Xustificación dos gastos

1. Considerarase pagado o gasto efectivamente realizado cando se xustifique mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás actividades subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades que se pretenden subvencionar a través deste convenio, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha **memoria final das actividades desenvolvidas** a subvencionar a través deste convenio, con indicación das realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterà:



1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, que se pretenden subvencionar a través do presente convenio.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3.º Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan os gastos de desprazamento (das persoas que asisten ás actividades) derivados de acudir ás actividades subvencionadas que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

5.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actividades subvencionadas a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6.º Os 3 orzamentos solicitados pola persoa beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) do número 2 e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:



- a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actividades subvencionadas previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.
- c) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima.
- c) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- d) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actividades que se van subvencionar a través deste convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

Special Olympics estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/200, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención que se vai conceder a través deste convenio rematará o día 30 de decembro de 2025. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención concedida e ao reintegro da cantidade anticipada, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.



5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante de Special Olympics .

NOVENA. Subcontratación

Special Olympics é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades subvencionadas fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial destas actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do seu importe total , de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades previstas na cláusula primeira.

Special Olympics comunicará, no seu caso, a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e actividades, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello



de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades que se pretenden subvencionar a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará



lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás actividades subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que xa fosen financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actividades que se pretenden subvencionar a través deste convenio, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades obxecto da concesión da subvención a través deste convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase Special Olympics dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.



DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace



<https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Special Olympics, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como ás súas suplentes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fose expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de



conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano as partes comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O presidente de Special Olympics

Fabiola García Martínez

Eladio Fernández Pérez

